# DEPARTAMENTO DE MÚSICA

# IES DE BRIÓN

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DAS MATERIAS DE:

# -MÚSICA

# -LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

# CURSO 2020-2021

María Dolores Santos Álvarez

Xefa do Departamento.

# Índice

INTRODUCIÓN....3
CONTEXTUALIZACIÓN....4
Composición do Departamento....4
Distribución do alumnado....4
PROGRAMACIÓN POR NIVEIS....5
2º ESO....5
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave....5
Relación de estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais....5
Concreción dos obxectivos do curso....8
Contidos....8
Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables avaliables: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación....10
Procedementos e instrumentos de avaliación....16
Criterios de avaliación....16
Criterios de cualificación/promoción....17
Procedementos e instrumentos de avaliación....17
Concreción dos elementos transversais....18
3º ESO....19
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave....19
Relación de estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais....19
Concreción dos obxectivos do curso....22
Contidos....23
Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables avaliables: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación....24
Procedementos e instrumentos de avaliación....29
Criterios de avaliación....29
Criterios de cualificación/promoción....30
Procedementos e instrumentos de avaliación....31
Concreción dos elementos transversais....32
4º ESO....32
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave....32
Relación dos estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais....33
Concreción dos obxectivos do curso....35
Contidos....35
Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables avaliables: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación....36
Procedementos e instrumentos de avaliación....40
Criterios de avaliación....40
Criterios de cualificación/promoción....41
Procedementos e instrumentos de avaliación....41
Concreción dos elementos transversais....42
1º de Bacharelato. Linguaxe e prática instrumental....43
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave....43
Relación de estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais....43
Concreción dos obxectivos do curso....45
Contidos....46
Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables avaliables: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación....48
Procedementos e instrumentos de avaliación....52
Criterios de avaliación....52

Criterios de cualificación/promoción....53
Procedementos e instrumentos de avaliación....53
Concreción dos elementos transversais....54
Procedementos para realizar a avaliación inicial....55
Programa de reforzo das materias pendentes....55
Concrecións metodolóxicas....56
Principios metodolóxicos....56
Estratexias metodolóxicas....56
Métodos didácticos:....57
Organización espacial....57
Temporalización....58
Materiais e recursos didácticos....58
Indicadores de logro....58
Medidas de atención á diversidade....60
Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente....60
CUESTIONARIOS DOCENTE....61
CUESTIONARIOS ALUMNADO....62
CONCLUSIÓN....63
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA....64

# INTRODUCIÓN

Este proxecto pretende enfoca-la aprendizaxe da música no centro como un elemento máis da formación integral das persoas, así como elimina-los estereotipos que rodean polo xeral á materia e logra-la integración de tódolos rapaces na aula, posto que é un problema moi frecuente a aparición de grandes desniveis entre os alumnos dun mesmo curso académico, debido á existencia de ensinanzas musicais fóra da Educación Secundaria Obligatoria. Deste xeito, a atención á diversidade é un dos nosos obxectivos fundamentais, co fin de que ningún alumno se sinta discriminado ou, pola contra, pouco motivado dentro da área. Por fortuna, ésta ten gran cantidade de recursos para lograr satisfactoriamente esta atención á diversidade.

Establécese un plantexamento na aprendizaxe que parte da concepción da música como arte, como linguaxe e como medio de expresión.

Somos conscientes de que a música ten unha presencia moi destacada dentro da vida dos adolescentes, que por outra banda están nun momento de reafirmación da súa personalidade, tratando de impo-lo seu criterio en moitos aspectos da vida, polo que será moi difícil introducilos no mundo da música "culta" ou noutro tipo de música aparte da que escoitan sen notar un rexeitamento inicial. Os medios de comunicación contribúen á difusión masiva da música, e as tecnoloxías da comunicación permiten ampliar os referentes musicais gracias ás achegas a toda a producción musicográfica mundial, estando presente en tódalas opcións de lecer da mocidade, en forma de CDs, reprodutores de música dixitais, televisión, videoxogos, cine, plataformas dixitais, publicidade, internet...

Nesta etapa, a secundaria obrigatoria, afondaremos nas raíces culturais da música galega e a europea, recoñecéndoa como como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que só partindo dun fondo coñecemento da nosa realidade musical e cultural en xeral poderesmos desenvolver un achegamento ás culturas musicais doutros pobos.

Por outra banda, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo.

A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, solapándose moitas veces e compartindo múltiples elementos.

- **Interpretación e creación,** na que traballaremos a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa.
- **Escoita,** algo fundamental cando falamos desta materia, xa que a escoita é o máis importante para comprender un mundo que moitas veces ao alumnado resúltalle algo lonxano. Tentaremos dotar ós rapaces de ferramentas básicas para gozar da música a través da audición e a comprensión do feito musical.

- **Contextos musicais e culturais:** relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico.
- **Música e tecnoloxías** que ten especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, co que tentaremos utilizar esa familiaridade e predisposición para relacionala coa música na aula, xa falando de escoita, como de creación ou outros aspectos musicais.

# CONTEXTUALIZACIÓN

A nivel de ensinanzas, no centro impártense a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.

Neste centro utilízase o sistema de "aula materia", que consiste en que, aparte das aulas tradicionalmente específicas (música, tecnoloxía, debuxo, laboratorios…) o alumnado desprázase en cada sesión a unha aula en concreto para recibir as súas clases.

## Composición do Departamento.

O Departamento é unipersonal, a xefa do mesmo, María Dolores Santos Álvarez impartirá a materia a tódolos grupos da ESO que a haxa, é dicir, en 2º, 3º e 4º de ESO, así como tamén na materia de Linguaxe e Práctica Musical de 1º de Bacharelato

## Distribución do alumnado.

Durante o presente curso, impartiremos a materia de música na ESO e a materia de Linguaxe e Práctica Musical en Bachrelato ós seguintes grupos:

- 64 alumnos e alumnas en 2º ESO, divididos/as nos seguintes grupos:
  - 2ºA: 21
  - 2ºB: 21
  - 2ºC: 22
- 97 alumnos e alumnas en 3º de ESO, divididos/as nos seguintes grupos:
  - 3ºA: 25
  - 3ºB: 23
  - 3ºC: 25
  - 3º D: 24
- 21 alumnos e alumnas en 4º de ESO, nun só grupo, que a elixiron como optativa. (O alumnado está distribuído en catro grupos, A, B, C, D.
- 18 alumnos e alumnas en 1º de Bacharelato, que tamén a elixiron como optativa, formando un so grupo a partir de 1º A e 1º B.

## PROGRAMACIÓN POR NIVEIS

### 2º ESO

### Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia de música en 2º ESO contribúe ó desenvolvemento das seguintes competencias claves:

- **CCEC:** Conciencia e Expresións culturais
- **CAA:** Aprender a Aprender
- **CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- **CSC:** Competencias sociais e cívicas
- **CD:** Competencia dixital
- **CCL:** Comunicación lingüística
- **CMCCT:** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía,

### Relación de estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais.

**BLOQUE 1. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 1.1.1.- Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical , utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | CCEC CCL |
| 1.1.2.- Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | CCEC CMCCT |
| 1.1.3.- Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CCEC CMCCT |
| 1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC CMCCT CAA |
| 1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | CCEC CAA |
| 1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | CCEC CAA |
| 1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | CCEC CAA |
| 1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CCEC |
| 1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC |
| 1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas | CCEC CAA |

| | |
|---|---|
| necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | |
| 1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | CCEC CAA |
| 1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | CSIEE |
| 1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | CCEC CAA CSC |
| 1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC |
| 1.6.3.- Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | CSC |
| 1.6.4. - Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | CSC |
| 1.6.5.- Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CSIEE CSC CAA |

**BLOQUE 2. ESCOITA**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| CLAVE 2.1.1.- Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | CCEC CAA |
| 2.1.2.- Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | CCEC CAA |
| 2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | CCEC |
| 2.3.1.- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e audición. | CSC |
| 2.4.1.- Describe os elementos das obras musicais propostas. | CCL CCEC |
| 2.4.2.- Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | CCEC CAA CD |
| 2.4.3.- Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | CCL CAA |
| 2.5.1.- Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | CSC CAA |
| 2.5.2.- Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | CSIEE CD CAA CCL CCEC |

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 3.1.1.- Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións de danza. | CCEC CAA CMCCT |
| 3.1.2.- Distingue as diversas funcións que cumple a música na nosa sociedade. | CCEC CSC CAA |
| 3.2.1.- Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | CCEC |
| 3.3.1.- Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego. | CCEC CSC |
| 3.3.2.- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC CMCCT |
| 3.3.3.- Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | CCEC CD |
| 3.3.4.- Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | CCEC CSIEE CD |
| 3.4.1.- Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | CCL |
| 3.4.2.- Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito con rigor e claridade. | CCL |
| 3.5.1.- Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD CAA CSIEE |
| 3.5.2.- Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA CD CCEC |

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 4.1.1.- Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | CD CAA |
| 4.1.2.- Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | CD CSIEE |
| 4.2.1.- Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CD CAA |

## Concreción dos obxectivos do curso.

- Coñecer, identificar e manipular as calidades do son: timbre, duración, intensidade e altura.
- Coñecer a grafía musical básica.
- Relacionar a linguaxe musical coas calidades do son.

- Diferenciar auditivamente: ritmos básicos, frases musicais, intervalos básicos, efecto das alteracións, escalas, matices, texturas.
- Diferenciar as principais texturas nunha audición, coa axuda da partitura.
- Identificar e clasificar as voces humanas polo seu rexistro e coñecer as máis habituais. Coñecer auditivamente os instrumentos musicais da orquestra, da banda e populares galegos e doutras comunidades e clasificalos na familia á que pertencen.
- Construír obxectos sonoros baseados na estrutura dos instrumentos musicais.
- Coñecer e apreciar un repertorio de cancións populares da nosa comunidade e doutras comunidades e culturas.
- Interpretación en grupo dunha melodía popular galega e doutras comunidades e culturas con instrumentos escolares, mediante unha partitura.
- Conseguir unha expresión corporal axeitada mediante coreografías de distinta dificultade.
- Aprender normas e actividades básicas da interpretación en grupo: silencio, atención ao director/a, memoria musical, expresión, matices…
- Utilizar as TIC nas actividades musicais propostas e coñecer a súa utilidade tendo como referencia o material multimedia da aula Abalar.
- Escribir un texto a partir dunha melodía dada.
- Escribir unha melodía a partir dun texto.
- Escoitar e aprender os diferentes estilos que xorden na música popular (jazz, rock, folk, música tradicional…).
- Valorar e respectar todas as manifestación musicais que escoiten ao longo do curso entendéndoas no seu contexto histórico.

## Contidos

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.
2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.
3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.
5. Práctica da relaxación, da respiración, da articulación, a resonancia e a entoación. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da Música.
6. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.
7. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
8. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
9. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
10. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

11. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
12. Improvisación, elaboración de arranxos e composicións como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.
13. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
14. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memoriza ción e da lectura de partituras.
15. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

**BLOQUE 2.- ESCOITA**

1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.
4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demáis persoas durante a escoita.
6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.
7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscrimicado de música e contaminación sonora.

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.
7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.

5. Emprego e coñecementos dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

## Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables avaliables: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación

### BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

| Estándar | Temp (Aval) | Mínimos esixibles | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 1.1.1-Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | 1ª2ª3ª | Cualidades do son, notas no pentagrama, duración das figuras, signos intensidade, indicacións rítmicas | Exercicios escritos<br>Exercicios prácticos<br>Interpretación e creación |
| 1.1.2-Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | 1ª- 2ª | Recoñece e aplica ritmos e compases | Exercicios orais<br>Análise audicións<br>Interpretación e creación |
| 1.1.3-Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | 3ª | Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias e ternarias. | Exercicios escritos<br>Análise audicións<br>Interpretación e creación |
| 1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | 1ª2ª3ª | Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol ; duración das figuras; indicacións rítmicas). | Exercicios prácticos<br>Interpretación e creación |
| 1.3.1. Improvisa e | 1ª2ª3ª | Interpreta estruturas musicais | Exercicios |

| | | | |
|---|---|---|---|
| interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | | elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | 3ª | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos de cancións. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | 2ª3ª. | Amosa interese polo coñecemento das normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | 2ª-3ª | Canta pezas vocais propostas tentando aplicar técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | 1ª2ª3ª | Practica a relaxación, a respiración e a articulación. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | 1ª2ª3ª | Adquire e aplica as habilidades interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | 3ª | Realiza improvisacións partindo de pautas previamente establecidas. | Interpretación e creación Observación actitudes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | 1ª2ª3ª | Amosa unha actitude de mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | 1ª2ª3ª | Practica, interpreta pezas vocais, instrumentais de diferentes xéneros. | Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.6.2.- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | 1ª2ª3ª | Practica, interpreta pezas vocais, instrumentais do patrimonio galego. | Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.6.3.- Amosa apertura e respecto cara ás propostas da profesora e dos compañeiros/as. | 1ª2ª3ª | Amosa respecto cara ás propostas da profesora e dos compañeiros/as. | Observación actitudes |
| 1.6.4.- Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | 1ª2ª3ª | Silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. | Interpretación grupal Observación actitudes |
| 1.6.5.- Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando | 1ª2ª3ª | Participa en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e respectuosa. | Interpretación grupal Observación actitudes |

| |
|---|
| con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. |

**BLOQUE 2.- ESCOITA**

| Estándar | Temp | Mínimos | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 2.1.1.- Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | 2ª | Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, e os diferentes tipos de voces. | Análise Audicións Observación actitudes |
| 2.1.2.- Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | 2ª3ª | Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna e do folclore. | Análise Audicións Observación actitudes |
| 2.2.1.- Le e analiza partituras como apoio á audición. | 1ª2ª3ª | Le partituras como apoio á audición. | Análise Audicións Exercicios orais Observación actitudes |
| 2.3.1.- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | 1ª2ª3ª | Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | Análise Audicións Interpretación Observación actitudes |
| 2.4.1.- Describe elementos das obras musicais propostas. | 2ª3ª | Describe os elementos das obras musicais propostas. | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 2.4.2.- Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical | 1ª2ª3ª | Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical | Análise Audicións Exercicios orais e escritos Observación actitudes |
| 2.4.3.- Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | 1ª2ª3ª | Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, e opinións musicais de xeito oral. | Exercicios orais e algúns escritos Observación actitudes |
| 2.5.1.- Toma conciencia da | 1ª2ª3ª | Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia | Exercicios orais Observación actitudes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | | humana. | |
| 2.5.2.- Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | 1ª | Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica | Traballo de investigación |

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

| Estándar | Temp | Mínimos | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 3.1.1.- Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións de danza | 1ª2ª3ª | Interpreta distintas manifestacións de danza. | Análise Danzas<br>Exercicios prácticos<br>Boa actitude |
| 3.1.2.- Distingue as diversas funcións que cumple a música na nosa sociedade. | 1ª | Distingue as diversas funcións que cumple a música na nosa sociedade. | Análise Audicións<br>Exercicios orais e escritos |
| 3.2.1.- Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | 1ª2ª3ª | Amosa interese por coñecer os xéneros musicais, gozando deles como oínte | Análise Audicións<br>Observación actitudes |
| 3.3.1.- Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego. | 1ª2ª3ª | Respecta a importancia do patrimonio musical español e galego. | Análise Audicións<br>Observación actitudes |
| 3.3.2.- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | 1ª2ª3ª | Practica e interpreta pezas vocais e danzas do patrimonio galego. | Exercicios prácticos<br>Interpretación |
| 3.3.3.- Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. . | 3ª | Coñece e describe os instrumentos tradicionais galegos | Exercicios orais e escritos |
| 3.3.4.- Contribúe á conservación, a recuperación e a | 2ª-3ª | Contribúe á conservación do patrimonio musical galego, colaborando na gravación de pezas. | Exercicios prácticos<br>Interpretación<br>Observación actitudes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | | | |
| 3.4.1.- Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | 1ª2ª3ª | Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | Exercicios orais e escritos |
| 3.4.2.- Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito con rigor e claridade. | 1ª2ª3ª | Comunica coñecementos, opinións musicais de xeito oral e escrito. | Exercicios orais e escritos |
| 3.5.1.- Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | 2ª3ª | Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, grupos de música popular... | Presentación oral dun proxecto de investigación |
| 3.5.2.- Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | 1ª2ª3ª | Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | Exposición oral sobre preferencias musicais Observación Actitudes |

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

| Estándar | Temp | Mínimos | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 4.1.1.- Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | 1ª2ª3ª | Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical | Exercicios interactivos TIC<br>Exercicios prácticos TIC |
| 4.1.2.- Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as | 1ª2ª3ª | Participa en todos os aspectos da produción musical. | Exercicios interactivos TIC Exercicios prácticos TIC Proxecto musical grupal |

| | | | |
|---|---|---|---|
| tecnoloxías. | | | |
| 4.2.1.- Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.. | 2ª3ª | Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos | Proxecto audiovisual Observación Actitudes |

## Procedementos e instrumentos de avaliación

## Criterios de avaliación

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1.1.- Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

1.2.- Distinguir e utilizar os elmentos da representación gráfica da música (colocación das notasno pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

1.3.- Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

1.4.- Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

1.5.- Amosar interese polas actividades de composición e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

1.6.- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.

1.7.- Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.

**BLOQUE 2.-ESCOITA**

2.1.- Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.

2.2.- Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

2.3.- Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

2.4.- Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

2.5.- Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

3.1.- Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.

3.2.- Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
3.3.- Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
3.4.- Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.
3.5.- Amosar interese ou actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**
4.1.- Utilizar os recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.
4.2.- Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

## Criterios de cualificación/promoción

| INTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | CRITERIOS DE PROMOCIÓN |
|---|---|---|---|
| Práctica | CMCCT, CD, CCEC, CAA, CSIEE,CSC | 25,00% | |
| Teoría | CCL,CCEC, CAA,CD | 25,00% | |
| Observación actitudes | CSC, CCEC, CAA | 25,00% | |
| Creación | CSIEE, CAA, CD, CMCCT, CCL, CSC | 25,00% | |
| NOTA MÁX:10 | | 100,00% | 50,00% |

## Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación nesta materia será continua e individualizada, tentando alentar ao alumnado a mellorar persoalmente. Para iso a grande parte dos instrumentos de avaliacións serán flexibles con respecto ás necesidades de cada alumno/a (necesidade de repetilos, acompañamento nas dificultades de comprensión, guía personalizada do procedemento de traballo…)
Os instrumentos de avaliación serán variados, para poder acadar tódolos apartados que se puntúan durante o curso.

- PRÁCTICA: (25 puntos)

-Observación directa nas actividades prácticas da clase.
-Participación nos festivais/concertos e outras actividades organizadas en horario lectivo polo departamento programadas para ao alumnado da aula ao completo. A non asistencia ou negación a participar nestes concertos sen causa xustificada (enfermidade que impida a actividade en si) suporá un 0 na proba así como tamén outro no apartado das actitudes, que fará media co resto das notas dos dous apartados.
-Exames escritos prácticos.
-Exames orais prácticos (frauta, interpretación vocal ou instrumental)
-Exercicios de improvisación rítmica.

- TEORÍA: (25 puntos)

-Probas escritas.
-Realización de esquemas.
-Preguntas orais.
-Breves exposicións de conceptos explicados pola profesora ou estudados anteriormente.

- OBSERVACIÓN ACTITUDES: (25 puntos)

-Coidado do material propio e o da aula (instrumentos e baquetas en boas condicións)
-Observación directa das actitudes de traballo durante as actividades (práctica musical, improvisación rítmica, traballo en grupo, realización de exercicios propostos pola profesora e outras dinámicas que se fagan dentro da aula). Neste caso, ao terceiro aviso na mesma clase dun comportamento pouco axeitado, o alumno/a terá un punto negativo (0,6) que se restará aos 25 puntos que vale este apartado.
-Observación directa do comportamento apropiado nos concertos realizados pola clase. Neste caso, o alumnado será avaliado na súa actitude fronte ás actuacións dos compañeiros e o seu comportamento durante os concertos e/ou festivais. A non asistencia ou negación a participar nestes concertos sen causa xustificada (enfermidade que impida a actividade en si) suporá un 0 na "proba" así como tamén outro no apartado da práctica, que fará media co resto das notas dos dous apartados.
-Comprobación diaria do material necesario para a clase (frauta e libreta correctamente identificadas). Neste caso, cada tres veces que falte este material a clase, o alumno ou alumna terá un punto negativo de 0,6 que se restará aos 25 puntos que vale este apartado.

- CREACIÓN: (25 puntos)

-Exposicións orais dalgún tema relacionado coa música, valorándose dos 25 puntos 7 para o soporte (póster, presentación power point ou similar), 9 para os contidos expostos e 9 para a exposición deses contidos (soltura ao falar, organización dos mesmos e orixinalidade)
- Elaboración dalgún elemento sonoro a partir de propostas da profesora (construción de instrumentos artesáns, ou similares)
- Creación ou ambientación de distintos relatos utilizando instrumentos ou outros elementos cotiáns a modo de banda sonora de ditos relatos.
-Creación propia dalgunha danza ou coreografía doutro estilo a partir dalgún tema musical proposto pola profesora dependendo do tema que se estea a tratar no momento.
Cando en cada apartado concurran varias probas, estas farán media entre sí e sumaranse ás outras notas chegando ata un máximo de 100 puntos, que sería equivalente ao 10.

O alumnado (igual que a súa familia) recibirá sempre que o solicite información detallada sobre a súa avaliación e indicacións de como mellorar positivamente no caso de precisalo.

## Concreción dos elementos transversais

- Igualdade entre sexos: o alumnado traballa este aspecto a diario, concienciándose de que non hai tarefas masculinas ou femininas senón abelencias ou intereses persoais que non teñen nada que ver co sexo de cada un.
- Cooperación e traballo en equipo: a realización de tantas actividades conxuntas, propicia este aspecto.
- Educación en igualdade e prevención da violencia: traballaremos este aspecto realizando actividades relacionadas coa mesma engadíndolle aspectos relativos á música para a non discriminación, prevención e resolución pacífica de conflitos, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia, calquera que sexa a súa forma

- Valores democráticos: o feito de traballar en grupo facilita a toma de decisións democráticas, téndose en conta a opinión do alumnado por parte da profesora para lograr a aprendizaxe das consecuencias das decisións de cada un.
- Coidado do medio ambiente: Traballarase sobre todo desde o punto de vista da contaminación acústica.
- Respecto polas diferencias: A materia é moi propicia a isto, xa que moitos aspectos dependen dos intereses e as diferentes capacidades de cada un, o que provoca diferencias que o alumnado deberá aceptar como habituais e normais.
- Comprensión lectora, expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento e iniciativa empresarial: creatividade, autonomía, a iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo, sentido crítico.

## 3º ESO

### Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia de música en 3º ESO contribúe ó desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- **CCEC:** Conciencia e Expresións culturais
- **CAA:** Aprender a aprender
- **CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- **CSC:** Competencias sociais e cívicas
- **CD:** Competencia dixital
- **CCL:** Comunicación lingüística

Dentro de cada bloque de contido, as competencias clave desenvolveranse a través da concreción dos seguintes estándares de aprendizaxe avaliables:

### Relación de estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 1.1.1.- Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC CAA CMCCT |
| 1.2.1.- Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. | CCEC CAA |
| 1.3.1.- Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. | CCEC CMCCT CAA |
| 1.4.1.- Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas do coidado da | CCEC CAA |

| | |
|---|---|
| voz, o corpo e os instrumentos. | |
| 1.4.2.- Canta pezas vocais propostas aplicando aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CCEC CAA CSC |
| 1.4.3.- Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC CAA |
| 1.4.4.- Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | CCEC CAA |
| 1.4.5.- Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | CCEC CAA |
| 1.5.1.- Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | CCEC CAA |
| 1.5.2.- Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | CSIEE CSC CAA |
| 1.6.1.- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación adecuadas ao nivel. | CCEC CSIEE CAA |
| 1.6.2.- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC CAA |
| 1.6.3.- Amosa apertura e respecto cara ás propostas da profesora e dos compañeiros/as. | CSC |
| 1.6.4.- Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | CSC CSIEE |
| 1.6.5.- Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CAA CSIEE |
| 1.7.1.- Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. | CCEC CAA |
| 1.7.2.- Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | CAA CD |

**BLOQUE 2: ESCOITA**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 2.1.3.- Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. | CCEC CAA CCL |
| 2.2.1.- Le e analiza partituras como apoio á audición. | CCEC CCL CAA |
| 2.3.1.- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | CCEC CAA |
| 2.4.1.- Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. | CAA CCEC |
| 2.4.2.- Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | CCEC CSC |
| 2.5.1.- Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. | CCEC CCL CAA |
| 2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio á análise musical. | CAA CCL CCEC |
| 2.5.3.- Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | CCL CAA |

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 3.1.1.- Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. | CCEC CCL |
| 3.1.2.- Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. | CCEC CCL CAA |
| 3.1.3.- Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | CCEC CCL CSC CAA |
| 3.2.1.- Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición. | CCL CCEC CAA |
| 3.3.1.- Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia | CD CSC CCEC CAA |

| | |
|---|---|
| da música. | |
| 3.4.1.- Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | CCEC CSC CAA |
| 3.4.2.- Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | CCEC CCL |
| 3.5.1.- Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | CCL CAA CSIEE |
| 3.5.2.- Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito con rigor e claridade. | CCL CAA CSIEE CD |
| 3.6.1.- Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CAA CCL CSIEE CD |
| 3.6.2.- Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA CSIEE CD |

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|
| 4.1.1.- Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | CD CCEC |
| 4.1.2.- Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | CSC CSIEE |
| 4.2.1.- Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CSIEE CD CAA |

## Concreción dos obxectivos do curso

- Coñecer e analizar a función da música ó longo da historia.
- Descubrir os diferentes estilos compositivos ó longo da historia da música.
- Coñecer a aplicación científica das calidades do son.
- Diferenciar auditivamente: ritmos básicos, frases musicais, intervalos básicos, efecto das alteracións, escalas, matices, texturas.
- Coñecer o funcionamento e partes do aparato fonador e traballar a técnica vocal.
- Recoñecer e practicar acordes e escalas.
- Interpretar, crear e improvisar instrumentalmente e co propio corpo.

- Utilizar as TIC nas actividades musicais propostas e coñecer a súa utilidade.
- Escribir un texto a partir dunha melodía dada.
- Escribir unha melodía a partir dun texto.
- Valorar e respectar todas as manifestación musicais que escoiten ao longo do curso entendéndoas no seu contexto histórico.

## Contidos

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**
1.1.- Repaso dos elementos da representación gráfica da música.
1.2.- Textura.
1.3.- Procedementos compositivos e formas de organización musical.
1.4.- Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, interpretación dun repertorio variado de danzas.
1.5.- Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. 1.6.- Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
1.7.- Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
1.8.- Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.
1.9.- Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.
1.10.- Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
1.11.- Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.
1.12.- Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
1.13.- Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

**BLOQUE 2.-ESCOITA**
2.1.- Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.
2.2.- Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
2.3.- Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
2.4.- Aplicación das estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.
2.5.- Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.
2.6.- Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.
2.7.- Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
2.8.- Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**
3.1.- A música ao servicio doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
3.2.- Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
3.3.- Utilización de diferentes fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
3.4.- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.
3.5.- Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo- temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
3.6.- Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.
3.7.- Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.
3.8.- Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**
4.1.- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
4.2.- Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
4.3.- Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
4.4.- Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.
4.5.- Emprego e coñecementos dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

## Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables avaliables: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

| Estándar | Temp | Mínimos | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 1.1.1.-Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | 1ª2ª3ª | Notas no pentagrama identificación das figuras<br>signos intensidade indicacións rítmicas | Exercicios escritos<br>Exercicios prácticos<br>Interpretación e creación |
| 1.2.1.- Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. | 1ª2ª3ª | Recoñece e comprende tipos de textura | Exercicios escritos<br>Análise audicións<br>Interpretación e creación |
| 1.3.1.- Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos | 1ª2ª3ª | Comprende e identifica termos | Exercicios escritos<br>Análise audicións |

| | | | |
|---|---|---|---|
| relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. | | básicos relacionados Cos tipos formais. | Interpretación e creación |
| 1.4.1.- Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | 1ª | Amosa interese polo coñecemento de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.2.- Canta pezas vocais propostas aplicando aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | 2ª3ª | Canta pezas vocais propostas tentando aplicar técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.3.- Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | 1º2º3º | Practica a relaxación, a respiración, a articulación. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.4.- Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | 2ª3ª | Adquire as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao | Exercicios prácticos Interpretación e creación nivel. Observación actitudes |
| 1.4.5.- Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | 2ª3ª | Coñece as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público | Exposicións orais Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.5.1.- Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | 1ª2ª3ª | Realiza improvisacións partindo de pautas previamente establecidas. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.5.2.- Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | 1ª2ª3ª | Amosa unha actitude de mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.6.1.- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de | 1ª2ª3ª | Practica, interpreta pezas vocais, instrumentais, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras | Interpretación e creación Observación actitudes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| notación adecuadas ao nivel. | | adecuadas ao nivel. | |
| 1.6.2.- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | 1ª2ª3ª | Practica, interpreta pezas vocais, instrumentais do patrimonio galego. | Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.6.3.- Amosa apertura e respecto cara ás propostas da profesora e dos compañeiros/as. | 1ª2ª3ª | Amosa respecto cara ás propostas da profesora e dos compañeiros/as. | Observación actitudes |
| 1.6.4.- Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.- | 1ª2ª3ª | Silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. | Interpretación grupal Observación actitudes |
| 1.6.5.- Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | 1ª2ª3ª | Participa en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e respectuosa. | Interpretación grupal Observación actitudes |
| 1.7.1.- Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. | 1ª | Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean. | Observación actitudes |
| 1.7.2.- Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | 1ª | Investiga as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | Proxecto de investigación Observación actitudes |

**BLOQUE 2.- ESCOITA**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2.1.3.- Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. | 1ª2ª3ª | Descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. | Interpretación e creación Exercicios escritos Observación actitudes |
| 2.2.1.- Le e analiza partituras como apoio á audición. | 1ª2ª3ª | Le partituras como apoio á audición. | Análise Audicións Exercicios escritos Observación actitudes |
| 2.3.1.- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | 1ª2ª3ª | Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | Análise Audicións Interpretación Observación actitudes |
| 2.4.1.- Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas | 1ª2ª3ª | Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e | Análise sinxelo de audicións Observación actitudes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| músicas coñecidas. | | culturas. | |
| 2.4.2.- Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | 1ª2ª3ª | Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 2.5.1.- Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. | 1ª2ª3ª | Describe os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 2.5.2.- Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. | 1ª2ª3ª | Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. | Análise Audicións Exercicios orais e escritos Observación actitude |
| 2.5.3.- Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | 1ª2ª3ª | Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito. | Exercicios orais e escritos Observación actitudes |

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3.1.1.- Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. | 1ª2ª3ª | Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música. | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 3.1.2.- Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. | 1ª2ª3ª | Recoñece manifestacións da danza identificando a época histórica á que pertencen. | Análise de Audicións e Danzas Exercicios orais e escritos |
| 3.1.3.- Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. . | 1ª2ª3ª | Distingue as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 3.2.1.- Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción | 2ª3ª | Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas. | Proxecto de investigación Exposicións orais |

| | | | |
|---|---|---|---|
| persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición. | | | |
| 3.3.1.- Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música. | 2ª3ª | Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música. | Proxecto de investigación Exposicións orais |
| 3.4.1.- Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | 1ª2ª3ª | Distingue as épocas da historia da música. | Exercicios orais e escritos |
| 3.4.2.- Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | 3ª | Explica a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | Exercicios orais e escritos |
| 3.5.1.- Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | 1ª2ª3ª | Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | Exercicios orais e escritos |
| 3.5.2.- Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito con rigor e claridade. | 1ª2ª3ª | Comunica coñecementos, opinións musicais de xeito oral e escrito. | Exercicios orais e escritos |
| 3.6.1.- Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | 2ª3ª | Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, grupos de música popular... | Presentación oral e elaboración de proxecto de investigación |
| 3.6.2.- Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | 1ª2ª3ª | Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | Observación Actitudes |

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4.1.1.- Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | 1ª2ª3ª | Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | Exercicios interactivos TIC Exercicios prácticos TIC |
| 4.1.2.- Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | 1ª2ª3ª | Participa en todos os aspectos da produción musical. | Exercicios interactivos TIC Exercicios prácticos TIC Proxecto musical grupal |
| 4.2.1.- Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | 2ª3ª | Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos. | Proxecto de investigación Observación Actitudes |

### Procedementos e instrumentos de avaliación

### Criterios de avaliación

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1.1.- Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
1.2.- Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.
1.3.- Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
1.4.- Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
1.5.- Amosar interese polas actividades de composición e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
1.6.- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.
1.7.- Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.

**BLOQUE 2.-ESCOITA**

2.1.- Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.
2.2.- Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

2.3.- Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
2.4.- Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.
2.5.- Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**
3.1.- Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.
3.2.- Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
3.3.- Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.
3.4.- Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.
3.5.- Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.
3.6.- Amosar interese ou actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**
4.1.- Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.
4.2.- Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

## Criterios de cualificación/promoción

| INTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | CRITERIOS DE PROMOCIÓN |
|---|---|---|---|
| Práctica | CMCCT, CD, CCEC, CAA, CSIEE,CSC | 25,00% | |
| Teoría | CCL,CCEC, CAA,CD | 25,00% | |
| Observación actitudes | CSC, CCEC, CAA | 25,00% | |
| Creación | CSIEE, CAA, CD, CMCCT, CCL, CSC | 25,00% | |
| NOTA MÁX:10 | | 100,00% | 50,00% |

## Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación nesta materia será continua e individualizada, tentando alentar ao alumnado a mellorar persoalmente. Para iso a grande parte dos instrumentos de avaliacións serán flexibles con respecto ás necesidades de cada alumno/a (necesidade de repetilos, acompañamento nas dificultades de comprensión, guía personalizada do procedemento de traballo…)

Os instrumentos de avaliación serán variados, para poder acadar tódolos apartados que se puntúan durante o curso.

- PRÁCTICA: (25 puntos)

-Observación directa nas actividades prácticas da clase.
-Participación nos festivais/concertos e outras actividades organizadas en horario lectivo polo departamento programadas para ao alumnado da aula ao completo. A non asistencia ou negación a participar nestes concertos sen causa xustificada (enfermidade que impida a actividade en si) suporá un 0 na proba así como tamén outro no apartado das actitudes, que fará media co resto das notas dos dous apartados.
-Exames escritos prácticos.
-Exames orais prácticos (interpretación vocal ou instrumental)
-Exercicios de improvisación rítmica.

- TEORÍA: (25 puntos)

-Probas escritas.
-Realización de esquemas.
-Contestación a preguntas orais.
-Breves exposicións de conceptos explicados pola profesora ou estudados anteriormente.

- OBSERVACIÓN ACTITUDES: (25 puntos)

-Coidado do material propio e o da aula (instrumentos e baquetas en boas condicións)
-Observación directa das actitudes de traballo durante as actividades (práctica musical, improvisación rítmica, traballo en grupo, realización de exercicios propostos pola profesora e outras dinámicas que se fagan dentro da aula). Neste caso, ao terceiro aviso na mesma clase dun comportamento pouco axeitado, o alumno/a terá un punto negativo (0,6) que se restará aos 25 puntos que vale este apartado.
-Observación directa do comportamento apropiado nos concertos realizados pola clase. Neste caso, o alumnado será avaliado na súa actitude fronte ás actuacións dos compañeiros e o seu comportamento durante os concertos e/ou festivais. A non asistencia ou negación a participar nestes concertos sen causa xustificada (enfermidade que impida a actividade en si) suporá un 0 na proba así como tamén outro no apartado da práctica, que fará media co resto das notas dos dous apartados.
-Comprobación diaria do material necesario para a clase. Neste caso, cada tres veces que falte este material a clase, o alumno ou alumna terá un punto negativo de 0,6 que se restará aos 25 puntos que vale este apartado.

- CREACIÓN: (25 puntos)

-Exposicións orais dalgún tema relacionado coa música, valorándose dos 25 puntos 7 para o soporte (póster, presentación power point ou similar), 9 para os contidos expostos e 9 para a exposición deses contidos (soltura ao falar, organización dos mesmos e orixinalidade)
- Elaboración dalgún elemento sonoro a partir de propostas da profesora (construción de instrumentos artesáns, ou similares)
- Creación ou ambientación de distintos relatos utilizando instrumentos ou outros elementos cotiáns a modo de banda sonora de ditos relatos.
-Creación propia dalgunha danza ou coreografía doutro estilo a partir dalgún tema musical proposto pola profesora dependendo do tema que se estea a tratar no momento.
Cando en cada apartado concurran varias probas, estas farán media entre sí e sumaranse ás outras notas chegando ata un máximo de 100 puntos, que sería equivalente ao 10.

O alumnado(igual que a súa familia) recibirá sempre que o solicite información detallada sobre a súa avaliación e indicacións de como mellorar positivamente no caso de precisalo.

## Concreción dos elementos transversais

- Igualdade entre sexos: o alumnado traballa este aspecto a diario, concienciándose de que non hai tarefas masculinas ou femininas senón abelencias ou intereses persoais que non teñen nada que ver co sexo de cada un.
- Cooperación e traballo en equipo: a realización de tantas actividades conxuntas, propicia este aspecto.
- Educación en igualdade e prevención da violencia: traballaremos este aspecto realizando actividades relacionadas coa mesma engadíndolle aspectos relativos á música para a non discriminación, prevención e resolución pacífica de conflitos, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia, calquera que sexa a súa forma
- Valores democráticos: o feito de traballar en grupo facilita a toma de decisións democráticas, téndose en conta a opinión do alumnado por parte da profesora para lograr a aprendizaxe das consecuencias das decisións de cada un.
- Coidado do medio ambiente: Traballarase sobre todo desde o punto de vista da contaminación acústica.
- Respecto polas diferencias: A materia é moi propicia a isto, xa que moitos aspectos dependen dos intereses e as diferentes capacidades de cada un, o que provoca diferencias que o alumnado deberá aceptar como habituais e normais.
- Comprensión lectora, expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento e iniciativa empresarial: creatividade, autonomía, a iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo, sentido crítico.

## 4º ESO

## Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia de música en 4º ESO contribúe ó desenvolvemento das seguintes competencias claves:

- CCEC: Conciencia e Expresións culturais
- CAA: Aprender a Aprender
- CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CSC: Competencias sociais e cívicas
- CD: Competencia dixital
- CCL: Comunicación lingüística
- CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Relación dos estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais.

Dentro de cada bloque de contido, as competencias clave desenvolveranse a través da concreción dos seguintes estándares de aprendizaxe avaliables:

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS |
|---|---|

| | CLAVE |
|---|---|
| 1.1.1.- Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | CAA CSC CMCCT |
| 1.1.2.- Le partituras como apoio á interpretación. | CCEC CMCCT CAA |
| 1.1.3.- Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. | CSC |
| 1.2.1.- Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. | CCEC CSC CMCCT CAA |
| 1.3.1.- Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | CD CMCCT CAA CSIEE |
| 1.3.2.- Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. | CD CAA |
| 1.4.1.- Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine...) e o papel xogado de cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | CSC CSIEE |

**BLOQUE 2.- ESCOITA**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 2.1.1.- Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diferentes fontes documentais. | CMCCT CCL CSC CAA |
| 2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. | CCEC CAA CCL |
| 2.2.1.- Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de crítica orais e escritas sobre a música escoitada. | CCEC CCL |
| 2.3.1.- Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir música. | CCEC CCL |
| 2.4.1.- Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais e descríbeo utilizando unha metodoloxía axeitada. | CCEC CCL |
| 2.4.2.- Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | CCEC CSC |
| 2.4.3.- Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | CCEC CSC |
| 2.5.1.- Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | CD CSC |
| 2.6.1.- Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación... | CCL CCEC CSC |

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| 3.1.1.- Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | CCEC CSC |

| | |
|---|---|
| 3.1.2.- Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. | CCEC CSC |
| 3.2.1.- Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. | CCEC CSC |
| 3.2.2.- Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | CCEC CSC |
| 3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | CCL CSC CAA |
| 3.4.1.- Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular | CCL CSC CAA |
| 3.4.2.- Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | CD |

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
|---|---|
| 4.1.1.- Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | CAA CD CMCCT |
| 4.1.2.- Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | CSC CSIEE CAA |
| 4.2.1.- Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | CSC CD CAA |
| 4.3.1.- Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | CAA CD |
| 4.3.2.- Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. | CD CCEC CMCCT |
| 4.4.1.- Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música e os medios de comunicación. | CAA CD CSIEE |
| 4.5.1.- Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | CAA CD CCEC |
| 4.5.2.- Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | CSIEE CD CCL CAA |
| 4.5.3.- Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | CSIEE CD CCL CAA |

## Concreción dos obxectivos do curso

- Coñecer o papel que xoga a música nos diferentes medios audiovisuais de comunicación.
- Usar Internet e outros medios audiovisuais como a radio e a televisión para analizar os contidos musicais de diferentes programas.
- Escoitar obras representativas dos diferentes xéneros musicais.
- Analizar a forma e estrutura, e recoñecer as características e contribucións de diferentes obras musicais ó ámbito da cultura musical universal.

- Empregar a voz para interpretar cancións tradicionais de diferentes países. Desenvolver a técnica da frauta doce.
- Utilizar a frauta e instrumentos de láminas para interpretar obras musicais.
- Practicar patróns rítmicos con instrumentos de pequena percusión e percusión corporal.
- Coñecer os diferentes tipos de software musical existentes e utilizar programas para o adestramento auditivo e a realización de tarefas audiovisuais.
- Coñecer os principais oficios relacionados co ámbito musical.
- Coñecer o papel que xogan as compañías discográficas no comercio musical actual. Analizar as fases da elaboración dun disco e ver como é un estudio de gravación.
- Participar na organización dun pequeno concerto no centro.
- Comprender como se organizan os concertos de música en directo e analizar as funcións de cada un dos membros do equipo técnico.

## Contidos

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**
1.1.- Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación con outras partes do conxunto, na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.
1.2.- Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.
1.3.- Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.
1.4.- Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.
1.5.- Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na eleboración de arranxos e na creación de pezas musicais.
1.6.- Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/as músicos.
1.7.- Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

**BLOQUE 2.- ESCOITA**
2.1.- Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.
2.2.- A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
2.3.- Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.
2.4.- Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.
2.5.- Edición, difusión e comercialización da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.
2.6.- A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.
2.7.- Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**
3.1.- Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.
3.2.- Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

3.3. - Manifestacións musicais doutras culturas.
3.4.- A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
3.5.- Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
3.6.- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.
3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.
3.8.- Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

**BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍAS**
4.1.- Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.
4.2.- Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.
4.3.- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.
4.4.- Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
4.5.- Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos...
4.6.- Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
4.7.- Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

## Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables avaliables: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación

**BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

| Estándar | Temp | Mínimos | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 1.1.1.- Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | 1ª2ª3ª | Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para a interpretación | Interpretación Observación actitudes |
| 1.1.2.- Le partituras como apoio á interpretación. | 1ª2ª3ª | Le partituras como apoio á interpretación. | Exercicios prácticos Interpretación |
| 1.1.3.- Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. | 1ª2ª3ª | Coñece e cumpre as normas establecidas. | Observación actitudes |
| 1.2.1.- Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de | 1ª2ª3ª | Interpreta un repertorio de cancións. | Exercicios prácticos Interpretación |

| | | | |
|---|---|---|---|
| complexidade en aumento. | | | |
| 1.3.1.- Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | 2ª3ª | Coñece técnicas, recursos compositivos para improvisar. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.3.2.- Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. | 2ª3ª | Utiliza recursos informáticos ao servizo da creación musical. | Exercicios prácticos Interpretación e creación Observación actitudes |
| 1.4.1.- Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine...) e o papel xogado de cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | 2ª | Coñece o proceso seguido en diversas producións musicais e o papel dos profesionais. | Proxecto de Investigación sobre televisión ou radio. |

**BLOQUE 2.- ESCOITA**

| Estándar | Temp | Mínimos | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 2.1.1.- Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diferentes fontes documentais.. | 1ª | Comenta as obras musicais propostas, axudándose de diferentes fontes | Exercicios escritos Análise audicións |
| 2.1.2.- Le e analiza partituras como apoio á audición. | 1ª2ª3ª | Le partituras como apoio á audición. | Análise Audicións Exercicios escritos Observación actitudes |
| 2.2.1.- Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de crítica orais e escritas sobre a música escoitada. | 2ª3ª | Analiza críticas musicais e elabora críticas orais sobre música escoitada. | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 2.3.1.- Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir música. | 1ª2ª3ª | Utiliza vocabulario axeitado para describir música. | Exercicios orais e escritos |
| 2.4.1.- Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais e descríbeo utilizando unha metodoloxía axeitada. | 2ª3 | Recoñece obras musicais e descríbeas. | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 2.4.2.- Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | 1ª | Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | Análise Audicións Exercicios orais e escritos |
| 2.4.3.- Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | 1ª2ª3ª | Amosa respecto pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | Observación actitudes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2.5.1.- Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | 3ª | Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | Observación actitudes |
| 2.6.1.- Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación... | 1ª | Coñece o papel da música en situacións e contextos diversos | Proxecto espectáculo musical |

**BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

| Estándar | Temp | Mínimos | Avaliación |
|---|---|---|---|
| 3.1.1.- Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | 1ª2ª3ª | Amosa interese por coñecer o patrimonio musical galego. | Observación actitudes |
- Respecto polas diferencias: A materia é moi propicia a isto, xa que moitos aspectos dependen dos intereses e as diferentes capacidades de cada un, o que provoca diferencias que o alumnado deberá aceptar como habituais e normais. Tentaremos conseguir un ambiente relaxado onde cada alumno/a se sinta cómodo/a á hora de preguntar dúbidas ou amosar inquedanzas con respecto á materia.
- Comprensión lectora, expresión oral e escrita. Como na materia de música, a comprensión lectora e as expresións oral e escrita son fundamentais, tanto para a comprensión de conceptos como para a transmisión dos mesmos aos demais.
- Comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, veremos as posiiblidades técnicas que ten a escoita e a produción musical.
- Emprendemento e iniciativa empresarial: creatividade, autonomía, a iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo, sentido crítico.

## Procedementos para realizar a avaliación inicial.

A avaliación inicial dános información para valorar os coñecementos previos do alumnado, e programar as actividades e o desenvolvemento das unidades didácticas segundo o que os nosos alumnos teñan asimilado de cursos anteriores.

Utilizaremos os seguintes procedementos para unha avaliación inicial produtiva:

- 2º ESO: O alumnado de 2º non recibiu clases de música no primeiro curso da Secundaria Obrigatoria, polo tanto ten os conceptos un pouco esquecidos, co que realizaremos un seguimento inicial de varios días nos que, ao mesmo tempo que avaliamos os seus coñecementos previos, vaiamos introducindo as bases da Linguaxe Musical a estudiar durante este nivel.
- Improvisación rítmica.
- Exercicios de práctica cos instrumentos Orff
- Pequeno cuestionario de audicións musicais.

- 3º ESO: Debido a que durante este curso o bloque de contextos musicais e culturais ten moita importancia, avaliaremos, aparte da práctica (interpretación, improvisación rítmica, etc) ese aspecto nos primeiros días, facendo pequenos coloquios sobre a historia da música e os seus actores. A idea de facelo de xeito oral e poñéndoo en común co resto da clase é que o alumnado non o tome como un exame, así como tamén lles permitirá comunicar á profesora as súas dúbidas, e os seus gustos, tanto individuais como en grupo. É habitual que os rapaces teñan moitas lagoas e pouco coñecemento de certos contextos históricos musicais, co que tentaremos averiguar cales son sen utilizar un método agresivo como sería unha proba tipo exame, e facer unha reflexión acerca da necesidade de coñecer épocas e estilos musicais lonxanos para poder elaborar unha opinión propia. Por outra banda, realizaremos pequenos exercicios prácticos para lembrar a práctica instrumental que xa traballamos o curso pasado.
- 4º ESO: En principio, o alumnado deste nivel escolleu música por un interés na materia, xa que é optativa, aínda que moitas veces as razóns son outras, por exemplo, descartar as demais. A profesora estivo traballando o curso pasado no centron por primeira vez, co que ten unha idea aproximada do nivel do alumnado. Aínda así, tendo en conta as circunstancias que se viviron no curso pasado por causa do COVID, a formación prácticadeste alumnado viuse interrompida, xa que é o aspecto máis difícil de manter na formación online.
- 1º DE BACHARELATO: Ao igual que en 4º, o alumnado que escolle esta materia como optativa, fíxoo libremente, co que se supón que teñen un interés especial en cursala. Debido ao currículum práctico da materia, a avaliación inicial centrarase neste aspecto, xa que hai alumnado que o curso anterior non estivo matriculado en música de 4º e é necesario saber de que punto debemos partir. A avaliación consistirá en exercicios prácticos de interpretación musical, improvisacións rítmicas, acompañamento e lectura musical.

## Programa de reforzo das materias pendentes.

O alumnado con materias pendentes terá que ir realizando un traballo ó longo do curso desde o principio, puidendo elexir o tema entre varios que lle ofreza a profesora, ou ben elexido pola profesora, sempre segundo as características do alumnos que teña a materia pendente, xa que poden ser alumnos que necesiten reforzar os coñecementos nalgunha parte da materia, ou na súa totalidade, e o ideal é adaptar as medidas o máis individualmente posible.

Ese traballo a realizar, será supervisado semanalmente polo departamento e terá como fin a exposición oral do mesmo, puidendo a profesora facer calquera tipo de pregunta acerca del para comprobar o traballo realizado, xa que del depende a nota enteira da materia. Por suposto tamén se avaliará o traballo feito durante todo o curso que foi puntuado semanalmente.

Durante este curso non hai ningún alumno ou alumna que teña a materia pendente.

## Concrecións metodolóxicas.

### Principios metodolóxicos.

A consecución dos obxectivos exixe do noso alumnado o afianzamento da súa iniciativa propia e do sentido crítico sobre as manifestacións musicais que a sociedade da comunicación pon ao seu alcance. Tomar conciencia do gusto estético propio esixe así mesmo, o desenvolvemento de valores persoais como os da dignidade, a liberdade, a autoestima e a seguridade nun mesmo, entre outros valores, especialmente no desenvolvemento artístico da práctica musical e do movemento en grupo, que require respecto e coordinación cos demais.

Cómpre ter en conta que o alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na educación primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica, que incida nos aspectos vertebradores da materia na educación secundaria obrigatoria,

Os catro bloques están moi relacionandos entre si, xa que comparten múltiples elementos:

- A expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical intégranse no bloque de **Interpretación** e **creación,** e que permite ao alumnado participar da música de xeito activo. Na materia de Bacharelato, o bloque 4 denomínase tamén **A creación e a interpretación,** afondando un pouco máis nas dúas cousas, mellorando as habelencias do alumnado, que xa leva uns anos de práctica instrumental. Outro bloque relacionado con estes, tamén no Bacharelato é o 1, **Destrezas musicais.**
- O bloque da **escoita** pretende crear a primeira actitude fundamental cara esta arte, e dotar ao alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical. No bacharelato, a este bloque chámaselle **A audición comprensiva,** onde se afonda máis polo miúdo na escoita activa e na comprensión da mesma.
- No bloque de **contextos musicais e culturais** relaciónase a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cara período histórico básico. Evidentemente, os bloques anteriores teñen moita relación con este, xa que a interpretación de fragmentos de obras estudadas permiten un coñecemento e disfrute máis profundo das mesmas e da súa época, e a escoita é necesaria para poder contextualizar ditas obras, épocas e culturas.
- O bloque de **música e tecnoloxías**, pola súa parte, pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula. Na materia de Bacharelato existe un bloque parecido denominado **As tecnoloxías aplicadas ao son** que afonda no mesmo.

## Estratexias metodolóxicas.

Basearémonos nos seguintes principios metodolóxicos:

- A actividade: supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables que, debido ó talante da materia de música, poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e interpretativas.
- A unidade de teoría e práctica: na nosa materia a teoría é a base para a práctica, tentaremos que o alumnado acceda á primeira a través da segunda, xa que é un xeito de comprender o máis abstracto dende algo concreto. A partir dunhas pequenas bases, estimularemos o interés do alumnado para afondar nese coñecemento e perfeccionalo.
- A atención personalizada: debido ás características da nosa materia, é fundamental a atención por parte da profesora cara o seu alumnado, xa que este presenta aptitudes e actitudes moi diferentes cara a música, e é importante tratar de estimular o interés e o coñecemento de cada un, atendendo ás necesidades. Isto non sempre é doado, pero traballarase para conseguilo.
- A creatividade: é un dos aspectos máis difíciles de conseguir, xa que o alumnado está afeito a que se lle dirixa o traballo dun xeito determinado, e non a crear por si mesmo. Isto tamén os instaura nunha comodidade que non lles disgusta, co que en moitos casos, as actividades nas que se lles pide maior creatividade, son as que rexeitan, debido a que supoñen un esforzo maior.
- A socialización: potenciando as relacións do grupo entre si e o traballo de equipo (que supón a práctica vocal, instrumental e/ou corporal). Na nosa materia é más doado conseguilo, xa que para que o conxunto teña un bo resultado é necesario o traballo de cada un. Traballaremos tamén para que exista o respecto cara as capacidades de cada un, así como tamén para reforzar a autoestima.

- A globalización: dotando á programación dun enfoque interdisciplinar, aproveitando os puntos de contacto co currículo doutras materias e cos temas transversais, de xeito que o alumnado asimile que tódolos contidos están interrelacionados, e non tomen a música como un aspecto aillado.

## Métodos didácticos:

- Investigación: instaremos ao alumnado a traballar sobre determinados aspectos, partindo de conceptos que xa saben, para que eles mesmos poidan ir construíndo o seu coñecemento. Evidentemente este método debe estar dirixido sempre pola profesora, para que non se convirta nun simple corta-pega de información proporcionada por internet, que nin sequera asimilan. Esta investigación debe proporcionarlles métodos para conseguir información teórica e práctica, é dicir, debemos darlles estratexias para adquirir coñecementos de todo tipo.
- Os bits musicais: a partir do traballo de fin de grao dunha alumna de Educación Infantil (Ariadna Álvarez Santos), baseada nos bits de intelixencia de Glenn Domman, titulado "repertorio musical en educación infantil: análisis de la realidad en las aulas y diseño de una propuesta didáctica"(2015), traballaremos nese concepto de bit musical, aplicado á educación musical en secundaria. A partir da proposta de Ariadna, aplicaremos certos aspectos que trataba no seu traballo, adaptándoos á materia en cada nivel de ESO. O obxectivo é que o alumnado se familiarice con certas obras musicais representativas, e a partir de aí se formen unha idea do que é a música culta e teñan unha opinión informada sobre a mesma.

## Organización espacial.

O curso pasado a aula de música do noso centro era de pequenas dimensións se vemos sobre todo vendo o número de alumnos, as actividades a realizar e o material común. O instrumental era tamén escaso e bastante antigo (máis de 20 anos), co que había moitas cousas deterioradas ou inservibles. Ao longo do curso fíxose unha petición á Consellería, e esta enviou un xogo completo de instrumental orff. Por outra banda, durante este curso 20-21, realizouse un cambio de aula que amplía o espazo ata o dobre do que era.

A organización espacial é a seguinte: A aula conta cun espazo amplo no que se sitúan as cadeiras, que noutra situación que non fose a actual de pandemia, estarían colocadas en forma de U para deixar o espazo interior libre, co fin de realizar actividades de movemento. A situación actual obriga a que o espazo entre as cadeiras sexa de, polo menos, 1,5 metros e que estean mirando cara diante, co que deben ocupar todo o espazo dispoñible. A formación en U só se poderá conservar en Bacharelato, xa que co número de alumnos e alumnas pódese utilizar esa disposición de xeito seguro.

O instrumental Orff está colocado a un lado da aula, de xeito que sexa doado dispoñer del.

O espazo é, en xeral, versátil, para poder realizar distintas actividades, reorganizando a distribución dependendo da actividade a realizar.

## Temporalización

A temporalización dos diferentes bloques está reflectida na programación por cursos exposta con anterioridade. Como se pode observar, hai moitos aspectos que se desenvolven ao longo de todo o curso.

Por outra banda, nos tres cursos da ESO e en 1º de Bacharelato, onde se imparte a materia de música, desenvolveremos semanalmente as seguintes rutinas:

- Comprobación do traballo e o material (limpeza, traballo realizado, material ben conservado...)
- Improvisación rítmica en grupo.
- Lectura musical.
- Vocalizacións e prácticas de canto.
- Rutinas de danza e expresión corporal.

## Materiais e recursos didácticos.

Na aula dispoñemos do seguinte material:

- Instrumental Orff
- Piano eléctrico
- Cadena de música
- Pantalla dixital.
- Colección de CDs
- Poucos instrumentos de pequena percusión.
- Frautas de pico escolares
- Guitarras acústicas
- Ukelele
- Bandurria
- Encerado pautado

## Indicadores de logro

| **Indicadores de logro do proceso de ensino** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

| **Indicadores de logro da práctica docente 1 2 3 4** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con 47 NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, | | | | |

# Medidas de atención á diversidade.

O tratamento á diversidade deberémolo facer desde o momento no que detectemos os distintos niveis de coñecementos e actitudes dos alumnos. Según a avaliación inicial e o ritmo de aprendizaxe, plantexaranse unhas actividades ou outras, cos mesmos contidos pero distintos niveis de dificultade.

Nos casos de rapaces con necesidades educativas especiais, traballarase co Departamento de Orientación para a alaboración dunha Adaptación Curricular axeitada ó nivel dese alumno. Para este curso, non se prevé que se precise facer ningunha, aínda que durante o curso se presenten pequenos

problemas de alumnos que, sen precisar unha adaptación, necesiten algún apoio específico ou a adaptación dalgunha actividade.

Finalmente, non debemos esquecer que esta é unha materia onde as aptitudes persoais e a vocación profesional non son infrecuentes e na que unha temprana e boa formación, neste senso, pode chegar a ser determinante no futuro.

## Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

Deberemos avaliar a nosa programación para comprobar se é adecuada, e se vai acadando os obxectivos que nos marcamos ó redactala.

- Avaliación trimestral: Serviranos para comprobar se se van acadando os obxectivos trimestrais, se os conceptos son poucos ou demasiados, e se o alumnado asimila de xeito adecuado eses conceptos. Esta comprobación facémola comprobando a materia impartida ata ese momento, e os resultados académicos da mesma. Se estes non son os axeitados deberemos facer un estudio das causas, é dicir, se é pola falla de interese do alumnado, ou pola mala adecuación da nosa programación ás características grupais do curso. Na medida do posible, tentaremos solventar os problemas para o seguinte trimestre.
- Avaliación final:

Unha vez rematado o curso, faremos unha avaliación final para comprobar se os resultados son os esperados no momento de redactar esta programación, ou polo contrario foron demasiado ou pouco ambiciosos. Faremos un repaso da materia impartida (comprobaremos que a secuenciación temporal foi a axeitada, ou pola contra, non se adecuou á duración do curso) e a resposta do alumnado (se afianzou os seus coñecementos, se aceptaba de bo grao a materia ou pola contra non estimulaba o seu interese...). No caso de resultados negativos, faremos constalo na memoria fin de curso, propoñendo os cambios que consideremos necesarios, que se reflectirán na programación do curso seguinte.

Dende o Departamento de Música teranse en conta os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliables e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.
- As aprendizaxes logradas polo alumnado.
- As medidas de individualización do ensino, con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
- A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
- A idoneidade da metodoloxía e os materiais curriculares.
- A coordinación con outros profesores.
- As relacións co/a titor/a e, no seu caso, coas familias.

Esta avaliación levarase a cabo utilizando dous procedementos básicos: a autoavaliación (do docente) e a coavaliación (do alumnado). Para este curso, consideramos que para unha mellor avaliación do proceso, elaboraremos uns cuestionarios para cubrir ao final de cada trimestre, para poder extraer conclusións que axuden a mellorar o proceso de ensino e a práctica docente.

## CUESTIONARIOS DOCENTE

AVALIACIÓN DOCENTE DO PROCESO DE ENSINO

| INDICADORES | ESCALA | | | | COMENTARIOS |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | | |

## AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

| INDICADORES | Escala | | | | PROPOSTAS |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | | |

## CUESTIONARIOS ALUMNADO

### AVALIACIÓN ALUMNADO DA PRÁCTICA DOCENTE

Sinala a resposta que consideres axeitada a cada unha das seguintes cuestións relacionadas co traballo da túa profesora. Lembra que este cuestionario é anónimo e que só debes poñer unha cruz. (1=nada, 2=pouco, 3=regular, 4=bastante, 5=moito)

| **CUESTIÓNS** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
|---|---|---|---|---|---|
| Parece a profesora interesada e ilusionada coa materia? | | | | | |
| Amosa dominio da materia? | | | | | |
| A profesora é organizada? | | | | | |
| As actividades teñen relación coa vida diaria? | | | | | |
| As actividades parecéronche interesantes? | | | | | |
| As explicacións despertaron a túa curiosidade? | | | | | |
| É esixente a profesora? | | | | | |
| A esixencia correspóndese ao traballado en clase? | | | | | |
| Pudeches prantexar todas as túas dúbidas na clase? | | | | | |
| Resolvéronche satisfactoriamente as túas dúbidas ? | | | | | |
| Pudeches participar en clase todo o que querías? | | | | | |
| O ambiente en clase foi axeitado para aprender? | | | | | |
| Adícase tempo suficiente a cada tema? | | | | | |
| A profesora é xusta nas calificacións? | | | | | |
| Sentícheste algunha ver marxinado/a na clase? | | | | | |
| Cres que algún compañero/a estivo marxinado/a? | | | | | |
| A profesora preocúpase dos teus problemas? | | | | | |
| Contribuíu a profesora a que che guste a materia? | | | | | |
| Tes unha boa opinión da túa profesora? | | | | | |
| Cres que a profesora ten unha boa opinión do grupo? | | | | | |

### AVALIACIÓN ALUMNADO DO PROCESO DE ENSINO

Sinala a resposta que consideres axeitada a cada unha das seguintes cuestións relacionadas coa materia. Lembra que este cuestionario é anónimo e que só debes poñer unha cruz. (1=nada, 2=pouco, 3=regular, 4=bastante, 5=moito)

| **CUESTIÓNS** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| Coñeces ben os contidos da asignatura, tanto prácticos como teóricos? | | | | |
| Paréceche axeitado o tempo adicado a cada tema? | | | | |
| Adícase tempo suficiente a realizar actividades? Enténdelas? | | | | |
| Adícase tempo suficiente para tocar instrumentos? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Coñeces os criterios de calificación e avaliación? | | | | |
| Pode mellorar a explicación da materia? | | | | |
| Dificultades que atopas na asignatura: | | | | |
| Ideas para Mellorar: | | | | |
| Suxestións de actividades complementarias: | | | | |

## CONCLUSIÓN

A música ten, sen dúbida, unha destacada presencia na vida cotiá dos adolescentes, e en consecuencia, debe tela na educación. Polo tanto, é necesario insistir na trascendencia da cultura musical como parte da formación integral do individuo. O seu ensino contribúe a forma-la súa sensibilidade artística e a comprende-las manifestacións culturais ó longo da historia, e moi especialmente, as propias da nosa Comunidade Autónoma.

Desde o Departamento de Música entendemos que a formación dun alumno non só consiste na acumulación de moitos coñecementos teóricos, senón que debe desenvolverse como individuo, e as súas actitudes tanto fronte a materia como na relación cos seus compañeiros de clase, os profesores e o resto de profesionais que pasen pola aula durante o curso (conferenciantes, monitores, etc) hai que traballalas na tolerancia e a convivencia, para que o día de mañá poidamos estar orgullosos de ter formado non só profesionais, senón personas íntegras.

# ANEXO I

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á SITUACIÓN PROVOCADA POLA PANDEMIA

**Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Durante o curso 19-20 a situación volveuse moi complicada dende marzo, debido ao confinamento ó que toda a comunidade educativa estivo sometida ata final de curso. Isto provocou a reorganización, de xeito repentino, da materia, xa que dende un punto de vista práctico, o contacto online co alumnado volve difícil a asimilación dos conceptos, a relación cos rapaces e rapazas, a práctica musical, a corrección da interpretación, as explicacións detalladas e todo o que implica unha educación presencial.

A partir do 13 de marzo de 2020 o departamento estivo traballando na reorganización da materia, buscando contidos online e preparando aulas virtuais para os 9 grupos de ESO e Bacharelato. Foi unha tarefa difícil, xa que nin profesorado nin alumnado nos viramos nunha situación parecida.

O obxectivo foi sempre conseguir que o alumnado acadase as aprendizaxes imprescindibles da materia. A petición da Inspección Educativa elaborouse un documento adaptando a programación da materia ante a situación extraordinaria que estabamos a vivir. Nese documento viñan reflectidas as aprendizaxes imprescindibles que cada curso debería acadar. A partir dos informes individualizados feitos a final de curso baseándonos nesa adaptación da programación, os resultados son os seguintes:

2º de ESO: Todo o alumnado adquiriu as aprendizaxes imprescindibles.

3º de ESO: Un alumno non adquiriu as aprendizaxes imprescindibles, co que foi necesario que acudise ao exame de setembro da materia, exame que superou sen problema.

4º de ESO: O 100% do alumnado acadou os obxectivos marcados na adaptación da programación.

1º Bacharelato: O 100% do alumnado superou a materia e adquiriu as aprendizaxes imprescindibles.

Aínda que polas características da actividade lectiva non presencial houbo conceptos que non se puideron traballar, o alumnado acadou as competencias básicas co traballo presencial e o non presencial a partir de marzo.

## Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial da materia

2º de ESO: O alumnado deste nivel non cursou a materia de música durante 1º de ESO, co que non presenta ningún tipo de carencia con respecto ao nivel que deberían ter na mesma. Durante este primeiro mes no que se fixo unha avaliación inicial para dito alumnado, non se detectou ningún problema por parte de ningún alumno ou alumna, co que, nese sentido, poderemos desenvolver a materia con normalidade dentro da situación de emerxencia sanitaria que estamos vivindo.

Por outra banda, o alumnado de 2º ten un portátil edix-gal, co que dispoñen dese recurso para unha posible situación non presencial. Na avaliación inicial co resto do equipo docente comentouse que hai algúns casos de conexión inestable ou mala conexión no domicilio, o que pode crear un problema en situación de confinamento e clases non presenciais.

3º de ESO: Este alumnado cursou a materia de música en 2º, cuns resultados bastante bos dada a situación. Aínda que as aprendizaxes imprescindibles se chegaron a impartir, neste alumnado

hai carencias na parte de linguaxe musical e a análise. Tamén hai entre o alumnado algún problema de conexión na casa ou ordenador compartido con outros membros do núcleo familiar.

4º de ESO: A materia de música en 4º presenta bastantes diferencias coa de 3º, aínda que hai tamén moitas similitudes. Detectouse que, igual que en 3º, hai bastantes lagoas no campo da linguaxe musical, o que dificulta a lectura e a interpretación. Hai uns poucos alumnos con algún problema de conexión ou sen ordenador, que haberá que ter en conta por se hai un novo confinamento.

1º de Bacharelato: A materia de Linguaxe e Práctica Musical de bacharelato presenta bastantes diferenzas con respecto á materia de música na ESO, aínda que haxa algún bloque que se pareza moito, en concreto o Bloque 1.

## Incorporación das aprendizaxes non adquiridas.

Como xa se falou no apartado anterior, o alumnado adquiriu as aprendizaxes imprescindibles durante o curso 20-21, aínda que durante este curso traballaremos para afianzar os coñecementos.

## DOCENCIA PRESENCIAL

2º de ESO: Traballaremos dende cero, xa que, como se dixo anteriormente, o alumnado non cursou esta materia en 1º.

3º de ESO: O currículum da materia deste curso afianza parte dos coñecementos traballados durante 2º. Durante o primeiro trimestre afianzaremos os conceptos traballados o curso pasado aparte de avanzar nos novos.

Organizaremos o traballo do seguinte xeito:

BLOQUE 1

-Linguaxe musical: Lectura, análise de exemplos musicais, interpretación de matices, identificación de compases, etc.

-Interpretación: movemento, danza, partituras, expresión corporal, sonorización de representacións dramáticas, etc.

-Composición: pequenas composicións en solitario ou en grupo.

requirir, identificando de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a
adquisicion das competencias clave, así como o deseñ o de tarefas globais e as
estratexias e instrumentos de 3
avaliacion mais adecuados para a consecucion deste obxectivo.

BLOQUE 2

-Audicións: distinguir timbres, análise básica de lelctura ou forma, apreciación crítica das manifestacións culturais, música en vivo, e coñecemento dos elementos que interveñen na construción dunha obra (melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura).

BLOQUE 3

-Usos da música noutras linguaxes: teatro, televisión, cine. Interpretación e análise dos mesmos.

-Investigación sobre instrumentos, compositores, concertos, producións musicais e medios audiovisuais.

-Historia: Realización dun eixe espazo temporal de música (galega, occidental, outras...) e análise das distintas épocas da historia da música culta (características principais, audicións con partitura, interpretación de pezas).

-Crítica: Información e valoración do feito musical.

BLOQUE 4
Utilización de dispositivos para o adestramento auditivo, a gravación, a información, o coñecemento e difusión da música.
Traballando todos estes puntos arriba indicados, acadaremos as aprendizaxes necesarias, xa que se traballan en profundidade tódalas competencias.

4º de ESO
A materia de 4º é optativa, co que non todo o alumnado que cursou 3º de ESO estará matriculado na mesma. Aparte disto, o currículum da materia é distinto dos cursos anteriores, aínda que haxa puntos en común. Así, reforzaremos durante o principio de curso os aspectos pertencentes ao curso anterior como a interpretación e as audicións.

## DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

Durante esta situación de emerxencia sanitaria temos que contemplar que pode haber outro tipo de docencia aparte da presencial, e unha das situacións pode ser a da semipresencialidade. Ante esta situación utilizaremos a aula virtual, xa montada dende principio de curso traballando co alumnado para que se habitúe a utilizala e solventar as problemáticas que puideron ter durante o curso pasado.
A organización do traballo sería o seguinte:
-O grupo que teña teledocencia terá unhas actividades relacionadas coa materia, que se poidan traballar dende a casa: cuestionarios, ritmos corporal, interpretación instrumental, movemento e danza, análise musical, visionado de vídeos, etc.
-O grupo que teña docencia presencial traballará coa profesora para solventar as dúbidas que se poidan presentar con respecto ao traballo que se mandou pola aula virtual, e ampliar o mesmo na aula, facendo interpretacións conxuntas, posta en común de traballos, explicacións da profeso.ra, e calquera actividade que complemente o traballo telemático.

## TELEDOCENCIA

Outra das situacións pode ser o confinamento total, co que o alumnado non podería asistir a clase, polo tante teriamos que organizar as aulas do seguinte xeito:
-Videoconferencias: Haberá, polo menos, unha á semana para explicacións e posta en común d dúbidas e traballos por parte do alumnado. A maiores poden ter lugar outras videoconferencias en pequenos grupos, individuais ou do grupo completo para ampliar algunha clase, ou solventar problemas ou dúbidas, ou simplemente para dar apoio ao alumnado.
-Actividades: Ao igual que na docencia semipresencial, tentaremos realizar todo tipo de actividades nas que se traballen as competencias, tentando que sexan atractivas para o alumnado, xa que durante un posible confinamento os rapaces e rapazas poden caer na apatía e precisarán apoio emocional, e unhas actividades atractivas poden facer que o alumnado se enganche na materia e traballe con certa ilusión. Estas actividades deberán ser variadas, traballando tódalas competencias dentro do que as condicións o permitan, xa que nunca se poderá igualar a docencia presencial, pero ao mesmo tempo temos que aproveitar as vantaxes que ten o traballo online para abrir novos camiños e xeitos de aprender.

# ANEXO II

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA.

IES DE BRIÓN. CURSO 2019-20

Para o departamento estas actividades son moi importantes e unha ferramenta ideal para estimular a aprendizaxe da materia e aumentar o interese pola mesma.

Debido a esta situación excepcional, as actividades están propostas en xeral pensando que a situación sanitaria pode mellorar, e no caso de que non o faga, adaptarémolas á situación que estamos vivindo polo de agora.

| 1º TRIMESTRE | | | | |
|---|---|---|---|---|
| DESCRICIÓN | LUGAR | ALUMNADO | DATA | DETALLES |
| Celebración do día da non violencia de xénero | Centro/Internet | ? | 25 novembre | Elaboración dun vídeo musical, ou pequena representación musical no día da non violencia de xénero |
| Festival de Inverno | Centro ou internet (ante a situación provocada polo COVID, faríase o concerto por internet, na páxina web do centro, canle de youtube ou similar) | TODOS | 20 decembro | Concerto de todo o alumnado de música, que presentará o seu traballo de trimestre ao resto dos seus compañeiros do centro. |
| 2º TRIMESTRE | | | | |
| DESCRICIÓN | LUGAR | ALUMNADO | DATA | |
| Festival/desfile de Entroido | Centro ou contorna (ante a situación COVID tentarase organizar a actividade ao aire libre e sen público, para publicalo máis | TODOS | 12 de febreiro | Participación do alumnado nun festival e/ou desfile de entroido. A data pode variar, no caso de que sexa imposible facelo ese día. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | tarde en internet, ou directamente facer como no festival de Inverno, directamente online) | | | |
| | | | | |
| 3º TRIMESTRE | | | | |
| DESCRICIÓN | LUGAR | ALUMNADO | DATA | |
| Festa dos maios (concurso) | Marín (só se faría se a situación de emerxencia sanitaria mellorase definitivamente) | 2º | 30 abril-1 de maio | 29-recollida de flores (despois das clases<br>30- saída a Marín e montaxe do maio<br>1 maio- concurso |
| Certame de teatro intercentros | Santiago de Compostela (depende do concello e de que a situación sanitaria mellore) | TODOS (cada día cursos distintos) | 1 semana de abril ou maio (depende do concello) | Asistencia do alumnado a ver as obras doutros centros no Teatro Principal, e asistencia tamén á do grupo de teatro do IES de Brión |
| Teatro Musical (Contrato Programa)<br>No caso de que a situación sanitaria non mellorase, replantexariamos a actividade para poder facela igualmente aínda en tempo de confinamento, o que eliminaría a representación en auditorios, ou a colaboración en intercambios e mostras de teatro. | Teatro Principal (Santiago de Compostela) | Alumnado do grupo de teatro | Finais de abril/principios de maio (pendente concello de Santiago) | Reapresentación dunha obra musical preparada polo alumnado durante todo o curso |
| | Auditorio de Valongo ou de Campo (Portugal) | | Abril ou maio (depende da Camara Municipal de Valongo) | Viaxe a Portugal para representar a obra. |
| | Intercambio con alumnado de Valongo | | ? | -Representación da obra de teatro<br>-Visita a Santiago de Compostela<br>-Convivencia co alumnado de Brión |
| | Auditorios de Galicia | | Preferentemente fins de semana ou fóra do horario lectivo, salvo algunha función escolar | Buscaremos darlle a maior difusión posible á nosa obra. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Intercambio con outros centros galegos que fan teatro | | (por determinar) | Intercambio co grupo de teatro musical de Verín e co grupo de teatro escolar de Cee |
| Concerto das letras | Centro (ou, se a situación continúa a ser de emerxencia, sería online) | TODOS | 14 de maio (pendente de falalo con DL) | Concerto do alumnado de música para o resto do centro |
| Correlingua | Santiago de Compostela (dependerá da organización do evento, xa que pode que nin se convoque. | ? | ? | Animación musical no Correlingua (Pendente de falalo con DL) |
| TODO O CURSO | | | | |
| Concertos didácticos | Onde se oferten (aínda que é probable que durante este curso non haxa esa oferta) | Depende da idade para a que estea pensado o concerto | Depende da oferta | Asistencia a concertos didácticos fóra ou dentro do centro, sempre que a oferta do auditorio en concreto se adecue ás nosas necesidades. |
| Cine | Santiago de Compostela (sempre tendo en conta a posible situación sanitaria que nos impida facelo) | Depende do tipo de película | Depende das estreas | Asistencia ao cine para ver algunha película que teña que ver coa música |
| Teatro | Onde se oferte(sempre tendo en conta a posible situación sanitaria que nos impida facelo. | ? | ? | Asistencia á representación dalgunha obra que nos pareza interesante para o alumnado desde o punto de vista curricular. |
| Saídas pola contorna | Contorna (esta actividade manterase seguindo as indicacións do protocolo | TODOS (en diferentes momentos) | Normalmente será en horario da clase de música | Saídas puntuais para traballar aspectos como os sons da natureza, a contaminación acústica, roteiros |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | elaboradas pola Consellería, onde especifica que é importante facer as cousas ao aire libre | | | musicalizados (colaboración co departamento de E.F. |
| Colaboración co centro | Dende o departamento de música tentarase colaborar en todo tipo de celebracións que se oferten a nivel centro para todo o alumnado. | | | |
| Outros departamentos | Desde o departamento de música buscaremos a colaboración de outros departamentos para algunhas actividades, ofertando a nosa colaboración para calquera actividade na que poidamos participar. | | | |

**En Brión, 15 de outubro de 2020**

**Asdo. María Dolores Santos Álvarez**
**Xefa do Departamento de Música**